

* AS OBRAS DE PARDO BAZÁN TRADUCIDAS AO GALEGO: SORTE DESIGUAL, INTERESES DIVERSOS

(recibido novembro 2024, aceptado xaneiro 2025)

A colección *As Letras das Mulleres* naceu en 2004 [finalizaría en 2011, cun total de 13 obras] e é froito da colaboración entre o Servizo Galego de Igualdade e a editorial Sotelo Blanco. Ten por obxectivo divulgar obras fundamentais, de ficción ou ensaio, escritas por mulleres, e fomentar o recoñecemento do labor intelectual co que estas contribuíron á cultura universal ao longo da historia [...] Outra característica é que recolle tres volumes de autoras galegas ou españolas (Rosalía de Castro, Pardo Bazán e Concepción Arenal) na súa lingua orixinal, español, que nos fai cuestionarnos en que medida é realmente necesario investir tanto esforzo en recuperar textos de doado acceso para o público galego.

*A (re)escritura das marxas:
 tradución e xénero na literatura galega*

Patricia Buxán e Chus Nogueira

Ao primeiro, convén sinalar unha evidencia no tocante ao lectorado galego: a esta altura do século XXI, de cinguírmonos ao contexto das linguas oficiais no Estado e establecemos, a nivel autonómico, unha división en dous grandes bloques, a única poboación bilingüe de Galicia é a galegofalante, en ningún caso —nin por porcentaxes de uso nin por niveis competenciais en lectura e escritura— a castelanfalante. Polo tanto, calquera persoa galegofalante que queira achegarse a unha obra de Emilia Pardo Bazán poderá facelo na lingua orixinal de escrita, o castelán, con idéntica capacidade ca un lector monolingüe nese idioma.

Deste feito é posible inferir que a importancia de dispormos dunha tradución ao idioma galego das obras de calquera autor o autora en castelán, se ben existe, é menor, relativa e en ningún caso equiparable ás traducións importadas de sistemas literarios afastados ou simplemente dende linguas que o groso da poboación galega non domina. Nin Buxán nin Nogueira, as autoras da cita do encabezamento,, cuestionan no seu artigo que se verta á lingua galega a literatura española; o que cuestionan é, literalmente, a necesidade de «investir tanto esforzo en recuperar textos de doado acceso para o público galego». Porque, en efecto, nas últimas dúas décadas, a Administración galega (sobre todo, pero non só) destinou esforzos desmesurados e ilóxicos a tarefas de tradución secundarias, de moi curto alcance e sen un propósito claro.

Alén disto, e sen entrar a valorar como foi o seu proceso de chegada, autores de expresión española non escasean no corpus de literatura traducida ao galego. Velaí as escritoras mencionadas na cita; ou outros tamén galegos, coma Nicomedes Pastor Díaz, Wenceslao Fernández Flórez, Valle-Inclán, Camilo José Cela, Miras Azor, Juan Farias, Carlos Oroza ou María Oruña; españois, dende Miguel de Cervantes até Gómez de la Serna, Luis García Montero ou Roberto Santiago; ou hispanoamericanos, coma Alejo Carpentier, García Márquez, Pablo Neruda ou Elena Poniatowska. A lista de nomes (sobre todo, masculinos) é ampla, como era de esperar, pois estímase que ao redor do 40 % de toda a escrita traducida ao galego chega dende o castelán, un dato inflado pola utilización deste último idioma como lingua ponte, pola coedición institucional e as edicións bilingües, e en parte tamén pola cohabitación co libro de texto, que ten no español un auténtico caladoiro.

As obras de Pardo Bazán son, dende vello, un bocado apetecido para profesionais e amadores. Así, por orde cronolóxica de publicación, contan cunha tradución ao galego *Os pazos de Ulloa* (Toxosoutos, 2001; col. Trasmontes n.º 2; trad. Olga Patiño), obra que así mesmo coñeceu unha versión adaptada para lectura fácil (La mar de fácil, 2019; trad. Alba Losada; adapt. Clàudia Sabater); *A pedra angular* (Xerais, 2003; trad. Mónica Bar Cendón); *A tribuna* (Toxosoutos, 2011; trad. David González Couso), peza da que unha década máis tarde se publicaría unha nova tradución (Fundación Luzes, 2021; trad. Valeria Pereiras); e *A educación do home e da muller e outros escritos feministas* (Real Academia Galega-Parlamento de Galicia, 2021; trad. Mónica Bar Cendón). Até aquí as que, en distinto grao, amosan un feito profesional.

A Casa-Museo Emilia Pardo Bazán, no informe que intitulou «O centenario de Emilia Pardo Bazán (1921-2021)», afirmaba: «por suposto que non todo o que produciu o centenario pardobazaniano estivo á altura dos merecementos da nosa autora», unha fórmula que seguramente se ideou como simple retórica da humildade, pero que agora serve de advertencia aos lectores que decidan acometer a lectura das traducións publicadas por unha pseudoeditorial, o *Instituto para el Desarrollo Educativo y Cultural*.

O tal instituto —IDEC, polo acrónimo— é unha academia pontevedresa de clases particulares sen vínculo previo coa edición de libros nin coa tradución literaria. Todo leva a pensar que atopou na tradución ao galego das obras de Emilia Pardo Bazán unha fonte de financiamento rápido, fácil e directo, aténdose á lei do mínimo esforzo e sen xustificar nunca unha bagaxe tradutolóxica nin ter a obriga de mirar pola calidade final dos traballos.

E todo isto coa convivencia ou a colaboración da Deputación de Pontevedra e, de maneira talvez máis flagrante, grazas ás eivas detectadas nas distintas liñas de axudas, quer as xestionadas pola Xunta de Galicia, quer as que dependen do Ministerio de Cultura de España, neste último caso como «Subvencións á tradución de libros entre linguas do Estado».

Sempre en números redondos e atendendo só ás axudas á tradución outorgadas pola Xunta:

En 2021, o IDEC obtivo un total de 13.500 € para traducir tres volumes de contos: *Tomo I. Contos de amor, de Nadal e Aninovo, de Nadal e Reis e Contos Novos*; *Tomo II. Contos da miña terra* e *Tomo III. Contos antigos, dramáticos, sacroprofanos e tráxicos* (DOG, 2021).

En 2023, 13.000 € máis para outras tres obras: *Memorias dun solteirón*, *Insolación* e *A Quimera* (DOG, 2023).

En 2024, outros 16.000 euros para catro máis: *La madre naturaleza*, *A pedra angular*, *A tribuna* e *Os pazos de Ulloa* (DOG, 2024), que aínda¹ non existen pero cuxas cantidades xa lle foron asignadas pola Consellaría, polo que, se nada o impide, sairán ao longo de 2025. Acerca destas últimas que están por chegar, nótese que, agás *La madre naturaleza*, as outras tres xa existen en galego, co cal o disparate de volver traducilas —peor, por obra e grazas dos cartos públicos— é duplo.

Cómpre non perder de vista, polo demais, que as partidas de cartos aludidas son só as do Goberno galego, mais non foi unicamente este o que financiou as aventuras editoriais da academia poitevedresa.

Velaí un dato para pór en contexto o nivel da desfeita: de entre todas as solicitudes presentadas á convocatoria de axudas á tradución entre linguas do Estado de 2022, o Ministerio de Cultura entregoulle a máxima puntuación (98 de 100) a unha antoloxía de relatos que rescata diversos contos dos tres tomos antecitados e que leva por título: *Selección de contos de Emilia Pardo Bazán*. Grazas a eses inmensamente xenerosos 98 puntos (40 de 40 para a traxectoria da tradutora), a asignación foi de 4.500 € (MCDE, 2022), e a obra comercializouse, segundo consta na Base de datos de libros editados en España, en xuño dese ano.

Alén da dificultade para encontrar as traducións do IDEC en librarías e bibliotecas, e alén tamén da infanda maqueta que evidencia un nulo coñecemento dos rudimentos da edición profesional, é de lamentar a falta de profesionalidade que se percibe nos transvasamentos estritamente tradutolóxicos levados a cabo por Cristina Caramés, a fundadora da empresa e a perceptora das mencionadas axudas, en canto tradutora de todos os textos.

Posto que, con data de decembro de 2024, a páxina web da autodenominada editorial ofrecía para descarga as versións en PDF de *Memorias dun solteirón*, *Insolación* e *A Quimera*, calquera pode constatar que as traducións presentan problemas variados.

Para lles evitar aos lectores o mal trago de se enfrontar ás versións galegas destas obras, informámoslos de que o tratamento dado ás escollos léxicas pola tradutora varre por enteiro o estilo do orixinal e converte o texto meta nunha sorte de «galego en 1000 palabras». Basta un mínimo exercicio de lingüística comparada para advertir as deturpacións. O que, con todo, torna estas publicacións ilexibles é que un trazo elemental como a colocación dos clíticos presente rigorosa incorrección naqueles contextos sintácticos en que esta difire do castelán: «Non creo que estas afeccións demostráronas [sic] os abades soamente» (neste contexto, amais, cumpriría o pretérito de subxuntivo; *cfr.* «las hayan demostrado»), «mais non por iso créase [sic] que son dos que andan cazando...», «por onde Asís Taboada fíxose [sic] cargo», «pareceulle que as raíces do pelo convertíanselle [sic] en...», «figúraseme que ao público abríuselle [sic] o apetito»...

Mágoa que a única revisión que se lles aplicase aos textos fose a do corrector automático, e aínda ben. Que no sitio web se inclúa con toda a borra a marca da Xunta de Galicia non fai senón acentuar o disparate. Por todo isto, o mellor que podía acontecer nun futuro próximo é que tanto a Administración galega coma a española incorporen cláusulas específicas nas súas respectivas liñas de axudas para garantir, á maneira das subvencións equivalentes no Estado

¹ Este artigo elaborouse en decembro de 2024.

sueco, un «nivel lingüístico e literario alto», coa posibilidade mesmo de practicar unha peritaxe e reclamar a devolución íntegra dos cartos se o tal requisito se incumprise. Dese modo, arribistas desta caste deixarían de ocupar espazos que non lles pertencen, de repañar bolsas de cartos que non se pensaron para eles (toda vez que non gozan da suficiente competencia) e de inchar a produción literaria galega con traducións que, de tan pobres e interesadas, resultan aldraxantes para os seus autores orixinais. Neste caso, para Emilia Pardo Bazán.

Alejandro Tobar
Tradutor literario e membro da AGPTI